

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de Outubro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día nove de outubro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1354).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de agosto de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1355).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 279/2006 INTERPOSTO POR UTE ELOYMAR-TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO S.A., EN RELACIÓN COA IMPUTACIÓN DE RESPONSABILIDADE Á CONCESIONARIA EN RECLAMACIÓN DE DANOS. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 01.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por JOSE ANTONIO FANDIÑO CARNERO, no nome e representación da UTE ELOYMAR Y TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2006, pola que se desestimou o recurso de reposición interposto pola demandante contra a resolución do 28 de novembro de 2005, pola que se estimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada

por D. JESUS BOULLOSA PORTELA, formulada a raíz da caída sufrida na rúa Urzáiz, condenando á recorrente a indemnizarlle na cantidade de 3.171,84 euros, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

3(1356).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. N1 273/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL ROZAS PÉREZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DE DANOS. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 01.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada polo letrado ALBERTO VARELA- GRANDAL CONDE, no nome e representación de JOSÉ MANUEL ROZAS PÉREZ, contra a resolución do 27 de febreiro de 2006, dictada pola Xunta de Goberno Local pola que se desestimou o recurso de reposición interposto polo demandante contra a resolución de responsabilidade por parte da empresa concesionaria do servizo municipal de augas, Aqualia-FCC, S.A., das lesións sufridas polo recorrente, debendo indemnizarlle na cantidade de 6.029,27 euros, sen facer expresa imposición de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

4(1357).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 285/2006 INTERPOSTO POR D. ROBERTO CARBALLIDO PAN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dase conta da sentenza de data 01.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada pola letrada SONIA FERNANDEZ VILLAR, no nome e representación de ROBERTO CARBALLIDO PAN, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do 13 de marzo de 2006, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo actor polas lesións padecidas a consecuencia da caída sufrida o 21 de decembro de 2002, sobre as 2,30 horas, na rúa Simón Bolívar, ANULANDO A MESMA e condenando ó Concello de Vigo a que indemnice á recorrente na cantidade de 1.473,36 euros, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

5(1358).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 442/2005 INTERPOSTO POR D. MIGUEL FERNÁNDEZ-PEDRERA GOZALO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 26.07.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por MIGUEL FERNÁNDEZ-PEDRERA GOZALO, fronte ó Concello de Vigo, seguido como PA 442/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Tráfico e Seguridade.

6(1359).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5481/2002 INTERPOSTO POR FERROVIAL AGROMAN S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA RECLAMACIÓN DE XUROS DE MORA NO PAGAMENTO DE CERTIFICACIÓNS DO CONTRATO “PROXECTO PASEO MARÍTIMO E PRAIA DA GUÍA”. ESTIMADO EN PARTE.

Dase conta da sentenza de data 13.07.06, dictada pola Sec. 2 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Rexeitamos a causa de inadmisibilidade alegada e estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa FERROVIAL, S.A., contra a desestimación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo pola reclamación pola recorrente do 30 de abril de 1998, dos intereses legais de demora por retraso no pagamento das certificacións números 3 a 9 e de liquidación provisional da obra “Proxecto do paseo marítimo e praia da Guía”, acto que anulamos por non ser conforme a Dereito, e no seu lugar condenamos ó citado Concello a que aboe á recorrente a suma reclamada coa sóa modificación de que os intereses comezarán devengarse ós tres meses da data de cada unha das indicadas certificacións de obra números 3 a 9, o que, no caso de controversia, se fixará en execución da presente, cos intereses legais da dita suma dende a interposición do recurso, 11 de novembro de 2002; sen custas”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

7(1360).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 13/06 INTERPOSTO POR Dª. CARMEN MARTÍNEZ PAZO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 20.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por CARMEN MARTÍNEZ PAZO, contra resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 20 de xuño de 2005, na que se solventa a reclamación patrimonial presentada pola agora demandante ante dita administración nos seguintes termos:

“1.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Carmen Martínez Pazó.

2.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á UTE Aqualia-FCC, S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do Servizo de Abastecemento de Augas e Saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 10.782,47 euros”, resolución que confirmo, ó entendela axustada a Dereito.

Sen condena en custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

8(1361).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 468/05 INTERPOSTO POR COSTAS OTERO S.L E OUTRO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL QUE DECLAROU INADMISIBLE POR EXTEMPORÁNEA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 22.05.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto por COSTAS Y OTERO, S.L. y ANTONIO COSTAS NUÑEZ, fronte ó Concello de Vigo no PA 468/05, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 05.04.04 pola que se inadmitiu por extemporánea a reclamación formulada polo procurador José Fernández González en representación de ANTONIO COSTAS NÚÑEZ Y COSTAS OTERO, S.L., o día 12.03.04 en concepto de responsabilidade patrimonial por ser extemporánea, ó se ter presentado fóra do prazo do artigo 4º RD 329/1993, do 26 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento sobre o procedemento das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial e o artigo 142.5, da Lei 30/92, RJAP e PAC, resolución que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

9(1362).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 345/2005 INTERPOSTO POR COMPAÑÍA DE JESÚS, PROVINCIA DE CASTILLA

CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE EXENCIÓN DE IBI- INMOBLE RÚA VELÁZQUEZ MORENO Nº 9. ARCHIVO POR SATISFACCIÓN PROCESUAL.

Dase conta do auto de data 23.11.05, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Recoñocida a satisfacción extraprocesal das pretensións obxecto do recurso, procede acordar o arquivo do procedemento, sen pronunciamiento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó departamento de Administración de Tributos.

10(1363).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 167/2005 INTERPOSTO POR D. CARLOS CARRACEDO COUSIÑO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. AUTO DE DESESTIMENTO.

Dase conta do auto de data 19.10.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que di o seguinte:

“Que debía acordar e acordaba ter á EMILIO ALVAREZ BUCETA, no nome e representación de CARLOS CARRACEDO COUSIÑO, por desistido na prosecución do presente procedemento.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

11(1364).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 23/1155 E DENEGACIÓN EXPTE. 1/1672.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción social, de 27.09.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Miguel Oubiña Coutteret. Expte. 23/1155.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª. Rosa Rodríguez Sousa. Expte. 1/1672.

12(1365).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DOWN VIGO PARA O

DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA NA ADMÓN. LOCAL. EXPTE. 17596/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica de 4.10.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.10.06, conformado pola delegada de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Down Vigo, entidade colaboradora do Concello de Vigo, para o desenvolvemento dun Programa de formación práctica na Administración Local.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “DOWN VIGO: ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN” A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN ADMINISTRACIÓN LOCAL

Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Fernando Molina Magdalena, en calidade de presidente da Asociación Down Vigo, con CIF. G-36.697.324, e enderezo en R/ Portela , nº 48, baixo, de Vigo

Doutra parte:

Dª Corina Porro Martínez, DNI. 32610818S, na súa condición de Excm. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, con CIF 36005700H, e domicilio na Praza do Rei, s/n, Vigo (Pontevedra).

As partes intervinientes, recoñécendose reciprocamente capacidade e lexitimación para a sinatura de convenio ao abeiro do disposto na normativa vixente,

MANIFESTAN

1º.- Un dos aspectos máis importantes na educación dos discapacitados psíquicos e, por conseguinte, da súa integración na sociedade é, ademais de ensinalles os aspectos educativos elementais, conseguir que logren unha autonomía persoal que lles permita alcanzar o maior grado de independencia posible.

Os plantexamentos no mundo da educación para discapacitados non poden ser radicais, xa que dependen das minusvalías dos afectados. É fundamental a posta en marcha de programas de intervención promovendo, ademais da adquisición de habilidades e coñecementos, aspectos adaptativos que afectan á raíz de todos os comportamentos, como son as habilidades de competencia social, a adquisición de hábitos de autonomía e independencia persoal, as habilidades de comunicación, etc.

2º.- O artigo 49 da Constitución Española di que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o aproveitamento dos dereitos que este Título (refírese ó Título 1, Dos dereitos e deberes fundamentais) outorga os cidadáns.

3º.- Segundo o art. 11 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada os dirixidos a sectores de poboación con problemáticas definidas.

4º.- Segundo o art. 13.1 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada na área de actuación das minusvalías aqueles que procuran o tratamento, rehabilitación e integración social dos discapacitados físicos, psíquicos, e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

5º.- Segundo o art. 13.3 da mesma Lei, son programas propios destes servizos os de valoración, diagnóstico e calificación das minusvalías, atención temprana, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

6º.- Que os Concellos como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei galega de servizos sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no campo dos servizos sociais.

7º.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar un programa encamiñado á integración laboral para persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribilo presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio de colaboración ten por obxecto a realización de prácticas na Administración Local no Servizo de Conserxería polos beneficiarios do programa que a tal efecto se elabore e nas condicións establecidas no mesmo, coa finalidade de promover a adquisición de experiencia nas tarefas propias do ámbito da conserxería que habitualmente se realizan no Concello de Vigo.

SEGUNDA.- A realización das ditas prácticas ten carácter exclusivamente formativo, e en ningún caso implicará relación laboral ou contractual algunha entre o Concello de Vigo e os beneficiarios/as do programa, non devengando obrigas económicas para o Concello de Vigo nin a sunción de ningún tipo de responsabilidades mais que as expresamente derivadas do presente convenio.

TERCEIRA.- A duración do presente convenio será de 1 ano natural, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de tres. A eficacia do mesmo producirase o día seguinte ao da súa sinatura.

CUARTA.- A formación a impartir desenvolverase en dependencias municipais, salvo que por causa xustificada e previo aviso ás partes afectadas sexa modificado o lugar de realización. O número de beneficiarios será o acordado entre as partes en función das necesidades do Concello e o número de alumnos formados pola Asociación.

QUINTA.- O Concello de Vigo designará unha persoa que actuará como coordinador/a do programa de prácticas e supervisará a correcta aprendizaxe dos beneficiarios, debendo informar a Down Vigo de todas aquelas incidencias relacionadas co programa.

SEXTA.- A asociación “Down Vigo” asumirá os gastos de subscrición dunha póliza de seguro aos beneficiarios da formación, debendo proporcionar unha copia da mesma ao coordinador/a do programa, así como do material que eventualmente poidan necesitar para a realización das prácticas.

SÉTIMA.- Rematado o período de prácticas, que se fixa en tres meses prorrogables por acordo das partes si así se estima necesario para os obxectivos de formación perseguidos, o Concello de Vigo expedirá a cada un dos beneficiarios certificación acreditativa da realización das mesmas, con indicación das tarefas realizadas e servizo municipal correspondente, coa finalidade de que os beneficiarios poidan dispoñer del para o seu currículo laboral.

OITAVA.- A modificación ou incumprimento por calquera das partes asinantes das cláusulas do presente convenio, realizada sen previa conformidade coa outra, considerarse suficiente para a automática extinción do convenio, previa posta en coñecemento escrito da circunstancia ou circunstancias que puidesen xerar tal situación, salvo que a parte non consultada considere suficientemente xustificada a modificación ou incumprimento.

NOVENA.- As partes poderán desistir da realización do programa formativo no suposto de faltas de puntualidade, asistencia, comportamento incorrecto dos participantes ou circunstancias dos servizos municipais implicados que fagan notoriamente dificultosa a materialización do mesmo.

DÉCIMA.- A efectos de seguimento do presente convenio, aplicación do mesmo, interpretación e resolución de conflitos, constituirase unha comisión integrada por representantes de cada parte no senso seguidamente indicado:

- Pola Asociación Down Vigo: O presidente, Fernando Molina Magdalen e a directora da Asociación DownVigo, Ana Tejada Vidal.

- *Polo Concello de Vigo: Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social ou persoa en quen delegue. Coordinador/a do programa formativo designado polo Concello.*

DECIMOPRIMEIRA.- Para calquera conflito en vía xurisdiccional que poida derivarse do presente convenio, as partes sométense expresamente aos tribunais de xustiza de Vigo.

En proba de conformidade co estipulado, as partes asinan o presente, no lugar e data que figura no encabezamento.

13(1366).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FLORIDA GYM S.L. CONSTITUÍDO PARA RESPONDER DA LIMPEZA DA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL POLA ACTIVIDADE 2ª FLORIDA BEATCHFITNESS. EXPTE. 6392/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta do director deportivo do IMD, do 27.09.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 1.200,00 € imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns á empresa Florida Gym S.L. para responder da limpeza da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración na mesma da actividade deportiva 2ª Florida Beatcfitness, o día 12 de agosto de 2006.

Data: 27.07.06

Nº Operación: 200600036777

Tipo de operación: OIF

14(1367).- PRIMEIRO PAGO DO ANO 2006 DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTRO. EXPTE. 7991/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Instituto Municipal de Educación, do 12.09.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a cantidade de 5.768,1.-€ (CINCO MIL SETECENTOS SESENTA E OITO CON UN EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C (17/01/06 – 30/06/06)	22 X 39,78.-€	875,16.-€
Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M (17/01/06 – 30/06/06)	24 X 39,78.-€	954,72.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X (17/01/06 – 30/06/06)	19 X 39,78.-€	755,82.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N (17/01/06 – 29/06/06)	18 X 39,78.-€	716,04.-€

Zona 5.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K (16/01/06 – 30/06/06)	13 X 39,78.-€	517,14.-€
Zona 6.- JESUS GONZALEZ ROCA, NIF: 35.920.716-Y (24/01/06 – 30/06/06)	22 X 39,78.-€	875,16.-€
Zona 7.- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R (17/01/06 – 30/06/06)	20 X 39,78.-€	795,60.-€
Zona 8.- ROCIO BRUZON ALCANIZ, NIF: 36.058.643-W (05/05/06 – 29/06/06)	7 X 39,78.-€	278,46.-€
<u>TOTAL ASISTENCIAS</u>		<u>145 X 39,78.-€.....</u>
		<u>5.768,10.-€</u>

15(1368).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE Á EMPRESA AITIRE S.L.L. EXPTE. 4009/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de desenvolvemento local e emprego, do 4.10.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

- Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “AITIRE S.L.L.”(que terá por obxeto a realización do desenvolvemento e implantación de sistemas informáticos nas empresas, baseándose no software libre) sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:
 - Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte das Técnicas locais de emprego (TLE) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo.
 - Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso opte.

16(1369).- PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONAS COMPLEMENTARIAS DE EXPLOTAICÓN COMERCIAL. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Amdón. Xeral e xefe do Área de Contratación e Novos Proxectos, do 4.10.06, que di o seguinte:

Por la entidad “Pazo de Congresos de Vigo SA”, sociedad adjudicataria del contrato de concesión de obra pública para la construcción y explotación del Auditorio - Pazo de Congresos y su Zona complementaria de explotación comercial, se presenta en el Registro auxiliar de la Xerencia M. de Urbanismo el presente proyecto

en cumplimiento de las Cláusulas 6 y 30 del PCAP regulador del concurso, al que se incorpora el Estudio de Intervención Arqueológica que en su día fue interesado por la Delegación Provincial de la Consellería de Cultura como requisito previo a la realización de cualquier tipo de ejecución de obra en el subsuelo de la parcela sobre la que se proyecta la edificación.

Para la emisión de los informes técnicos fueron designados el Arquitecto de la oficina de Obras y Proyectos Municipales de la XMU y el Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos de la oficina de Vías y Obras del Concello.

La documentación presentada, elaborada por la UTE Cesar Portela – IDOM, una vez analizado su contenido es remitida por el Arquitecto Municipal en solicitud de informe tanto al Servicio de Vías y Obras Municipales, quien interesa informe complementario del Servicio de Limpieza, como al Área de Seguridad y Circulación viaria, dando traslado al Departamento municipal del Patrimonio Histórico del Estudio de Intervención Arqueológica del subsuelo de la parcela, que es remitido a la Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para su autorización la cual es concedida por Resolución de 18 de septiembre de 2006.

El 27 de septiembre, el Jefe del Servicio de Limpieza emite informe respecto a los espacios necesarios para el almacenamiento y recogida de los residuos sólidos urbanos y material selectivo del conjunto del edificio atendiendo a las actividades del mismo concluyendo, una vez analizado el proyecto con sus autores, que son necesarias además de un determinado número de colectores y de unidades subterráneas de recogida en el edificio, tres islas completas de recogida selectiva, dos de ellas en el edificio principal.

El Jefe del Servicio de Vías y Obras informa el 29.06.2006 que el proyecto no presenta conexiones a servicios generales ni sus afecciones, no contemplando el tratamiento de los viales que circundan al edificio y que fue remitido escrito al equipo redactor en el que se solicitaba expresamente que se contemplasen, así como su mantenimiento durante la ejecución de las obras y su reposición definitiva.

El 2 de octubre se emite el informe del Arquitecto Municipal del que se deduce que el proyecto presentado desarrolla el Anteproyecto en lo referente al Auditorio Palacio de Congresos debiendo complementarse diferentes aspectos en los denominados servicios comunes y definirse la distribución definitiva de usos objeto de explotación en la Zona Complementaria, considerando conveniente, con objeto de compatibilizar la correcta ejecución de la obra en los plazos previstos en el Contrato con la concesión de un mayor espacio de tiempo al Equipo Redactor para la elaboración del proyecto definitivo, la posibilidad de presentar un proyecto de ejecución que contemple exclusivamente la cimentación del edificio, lo cual a su vez otorgaría un mayor plazo a los servicios técnicos municipales para la redacción y supervisión del proyecto de ejecución del resto de la obra.

Por la oficina de Circulación Viaria se informa el día 2.10.06 de diferentes aspectos complementarios a la obra en sí, que deben ser tenidos en cuenta por la incidencia que la apertura del conjunto arquitectónico tendrá en el viario urbano circundante.

El Servicio Municipal de Electromecánicos informa el 3.10.06 de la necesidad de incorporar en los proyectos de ejecución diferentes separatas ó estudios/proyectos de instalaciones y acometidas eléctricas independizando las correspondientes al Auditorio Pazo de Congresos de las de la Zona Complementaria.

Para comprender la enorme complejidad técnica que tiene la elaboración del proyecto básico atendiendo al orden de prelación de los documentos contractuales establecidos en la Cláusula 2.3 del PCAP regulador del Contrato de Concesión de Obra Pública basta señalar que el apartado 2.2 permitía a los participantes en el Concurso destinar la denominada Zona Complementaria de explotación comercial a actividades distintas de las contempladas en el Estudio de Viabilidad, aprobado por el Concello, que fuesen necesarias o convenientes por la utilidad que presten a los usuarios de la obra pública; que fuesen susceptibles de un aprovechamiento económico diferenciado del Auditorio – Pazo de Congresos y, a su vez, permitidos por el Plan Especial del Puerto de Vigo.

En este sentido la oferta ganadora presentó en su proposición, algunos usos alternativos permitidos por el Plan Especial del Puerto de Vigo, suprimiendo los cines y contemplando un gimnasio SPA lo que supone la ampliación de la superficie destinada a usos comerciales, que se redistribuyen en el básico objeto de informe, en el que se incrementa en número de habitaciones del Hotel en detrimento de la superficie comercial, originando una disfunción en la distribución de espacios destinados a las instalaciones de los servicios previstos en el

proyecto, con los previstos para otros usos en el Anteproyecto aprobado que hará prácticamente imposible mantener la superficie comercial.

Todos estos inconvenientes, pueden ser resueltos con la aprobación del Proyecto Básico del Auditorio – Pazo de Congresos, que se limita a sus propias dependencias y del conjunto de la “caja del edificio” ó en terminología urbanística, al sólido capaz, ya que en éste aspecto desarrolla las determinaciones del Anteproyecto, y se apruebe condicionado a la presentación de la documentación en que se integren las observaciones expuestas en los informes técnicos emitidos la parte del Proyecto que corresponde a la Zona Complementaria.

Esta solución que, permitiría poder cumplir con los compromisos contractuales asumidos por el Concello, no demoraría la ejecución de la obra e incluso facilitaría la presentación de las certificaciones de obra por la Dirección Facultativa y su reenvío a la Consellería de Política Territorial de la Xunta de Galicia para su abono al Concello dentro del ejercicio económico en el que están consignadas las aportaciones de las Administraciones Públicas al Contrato, al permitir a la Sociedad Concesionaria la presentación de un Proyecto de Ejecución de la cimentación total de la edificación, lo cual incrementará las cantidades económicas realmente invertidas, circunstancia de gran importancia si se tiene en cuenta que la anualidad total prevista para el año 2006 es la de 12.541.849,00 Euros.

Como suplemento a la documentación complementaria de la Zona de explotación comercial, deberán presentar, a efectos meramente económicos, una Memoria explicativa de las modificaciones introducidas en relación con la propuesta presentada al Concurso relativa a la ordenación de los usos definitivos y a la rentabilidad económica prevista en el Estudio de Viabilidad, ya que corresponde a la Sociedad Concesionaria la asunción del riesgo de cualquier incidencia económica que pueda originarse en el equilibrio económico financiero del contrato o incluso en la posible rentabilidad que le correspondiese al Concello por no alcanzar el umbral máximo de beneficios previstos o cualquier otra incidencia que afecte al plazo del Contrato de Asistencia y Consultoría para la Dirección Facultativa de la obra pública suscrito por el Concello.

Por lo expuesto y en consecuencia con lo anteriormente expresado, toda vez que nos encontramos en la fase de ejecución de un Contrato de Concesión de Obra Pública con Zonas Complementarias de explotación comercial, no existe inconveniente legal alguno para que en cumplimiento de la Cláusula 6.1 del PCAP regulador del Concurso la Xunta de Gobierno Local, en su condición de Órgano de Contratación del Concello, adopte el siguiente, A C U E R D O

Primero.- Aprobar el Proyecto Básico de construcción del Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo y del sólido capaz de la edificación, conforme la documentación presentada por la UTE Portela-Idom en la XMU el día 24 de julio de 2006.

Segundo.- Aprobar el Proyecto Básico de la Zona Complementaria de explotación comercial condicionado a la presentación por la UTE Portela-Idom y la sociedad “Pazo de Congresos de Vigo,S.A.” de la documentación complementaria que respete el contenido íntegro de los informes emitidos por los Servicios Técnicos Municipales de Vías y Obras, de Limpieza, de Circulación Viaria y de Electromecánicos y del de Obras y Proyectos Municipales de la Xerencia M. de Urbanismo y la Memoria explicativa del alcance que pueda suponer la modificación de los usos previstos en el equilibrio económico financiero del contrato de concesión de obra pública.

Tercero.- Requerir a la UTE Portela-Idom y a la sociedad “Pazo de Congresos de Vigo,S.A.” para que presenten conjuntamente con la documentación reformada de la Zona Complementaria un Proyecto de Ejecución exclusivo de la cimentación del conjunto arquitectónico.

Acordo

A Xunta de Gobierno local aprueba a proposta que se contén no precedente informe.

17(1370).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A TRANVÍAS ELÉCTRICO DE VIGO-ELOYMAR S.A. POLAS OBRAS DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DE URZÁIZ. EXPTE. 792/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral do 29.09.06, e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 4.10.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Tranvías Eléctricos Vigo-Eloymar UTE a fianza de 55.919, 13 euros constituída para responder das obras do aparcamento da Praza da Independencia, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 19.11.04 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

Devolver a Tranvías Electricos Vigo-Eloymar UTE a fianza de 191.932,81 € constituída para responder das obras do aparcamento subterráneo de Urzáiz, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 19.11.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

18(1371).- RECLAMACIÓN DE D^a. AURORA RODRÍGUEZ CONDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 419/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 25.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Aurora Rodríguez Conde presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de novembro de 2004, no que expón que o día 24 de novembro de 2004, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, tivo unha caída á altura do número 79, por mor dunha serie de baldosas que se atopaban despegadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/01/2005.*
- *Práctica de proba testifical, con data 31/03/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Rodríguez.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.872,46 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con datas 19/01 e 25/01/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Da proba testifical practicada, resulta que os danos foron causados por mor dunha serie de baldosas que se atopaban despegadas, feito que conforma o informe de Vías e Obras de 04/01/2005, o que provocou a caída da Sra. Rodríguez (relación de causalidade) e concorrendo os demais requisitos para que prospere a acción de responsabilidade patrimonial, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Aurora Rodríguez Conde e indemnizala na cantidade de 1.872,46 euros, importe dos danos físicos ocasionados o 24 de novembro de 2004 na Travesía de Vigo número 79, por mor dunhas baldosas despegadas na beirarrúa”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1372).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANA BELÉN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 420/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 25.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ana Belén Fernández Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de novembro de 2004, no que expón que o día 22 de novembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Pizarro, tivo unha caída á altura do número 4, por mor do desnivel que presentaban unha serie de baldosas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/01/2005.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.325,80 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 12/05/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Fernández.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 08/06/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Orixinados os danos por un deficiente funcionamento do servizo público (desnivel da beirarrúa) que motivou o tropezo causante dos danos (relación de causalidade) e concorrendo os demais requisitos para que prospere a acción de responsabilidade patrimonial, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de Dna. Ana Belén Fernández Fernández e indemnizala na cantidade de 1.325,80 euros, importe dos danos físicos ocasionados o 22 de novembro de 2004 na rúa Pizarro número 4, por mor dunha caída debida ó desnivel da beirarrúa”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1373).- RECLAMACIÓN DE D^a. JULIA COSTAS PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 428/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 27.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Julia Costas Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 07 de decembro de 2004, no que expón que o día 30 de novembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Pastora, á altura do número 2, tivo unha caída, por mor da pendente da vía e das condicións atmosféricas, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/01/2005, no que indican que a beirarrúa atópase en perfecto estado de conservación, sendo as súas lousas de tacos antiesvarantes.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 03/02/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 407,08 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 08/04/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Os danos alegados pola reclamante non se poden atribuír ó mal funcionamento do servizo público, no presente caso ó mantemento e a conservación de vías públicas municipais, xa que segundo o informe de Vías e Obras de 10/01/2005 “a beirarrúa atópase en perfecto estado de conservación, sendo as súas lousas de tacos antiesvarantes”, sen que a reclamante a quen lle corresponde a proba do que reclama, achegue ningunha proba en contrario.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Julia Costas Pérez en relación cos danos ocasionados o 07/12/2004 na rúa Pastora número 2, por non acreditar un mal funcionamento do servizo público, xa que segundo o informe de Vías e Obras de 10/01/2005 a beirarrúa na que se produciu o accidente atopabase en perfecto estado de conservación sendo as súas lousas de tacos antiesvarantes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1374).- RECLAMACIÓN DE D. PEDRO RICA RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 511/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC.SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 27.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Pedro Rica Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de febreiro de 2005, no que expón que o día 18 de febreiro de 2005, camiñando pola rúa Lepanto, tivo unha caída por mor dunha boca de rega, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 18/02/2005, no que o axente actuante manifesta que foi testemuña da caída do Sr. Rica, existindo no lugar unha boca de rega que se atopaba parcialmente aberta.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, indicando que o mantemento das bocas de rega é competencia da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.274,21 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con data 07/02/2006, que non formula alegacións..*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 24/02/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Dos datos obrantes no expediente (parte do servizo da Policía local de 18/02/2005 e do informe do servizo de Vías e Obras) resulta que os danos foron debidos a unha boca de rega, cuxo mantemento corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de mantemento e saneamento de augas do Concello de Vigo.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de abril de 2005 por PROMOCIONES RICARDO MELLA, S.L, CIF B-36.924.132, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa RAMÓN NIETO, 226, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1380).- DAR CONTA DE ANULACIÓN DE PROVIDENCIA DE APREMIO DICTADA SOBRE LIQUIDACIÓN POR ACOMEDITA DE SANEAMIENTO.EXPTE. 60096306/0.

Dáse conta do informe do tesoureiro municipal, de 18.09.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:

"Interesar da Tesourería deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 08/1/2002, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación"

En data 14/9/06 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do escrito presentado en data 14/9/06 (DOC60096306), pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) do que se achega copia.

No citado escrito, solicitábase a anulación do recibo relacionado pola concesionaria, unha vez acordada a estimación da reclamación interposta contra a liquidación xirada no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.

DETALLE DA LIQUIDACIÓN:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	PRINCIPAL
MANUEL GONZALEZ POMBO	ACOMETIDA SANEAMENTO	46372	150.96€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(1381).- CESIÓN DE PARCELA SITA NA ETAPA II DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA Á CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE. EXPTE. 4693/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 5.10.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O 3.06.05 a Consellería de Sanidade presenta escrito no que se solicita a posta a disposición duns terreos que sexan urbanísticamente axeitados para a construción dun centro de saúde en Navia. Para elo, se solicitaba a seguinte documentación: "(...) 1. Certificación do acordo do Pleno da Corporación Municipal cedendo ó Servizo Galego de Saúde os terreos necesarios, con especificación de número de metros e lindeiros. 2. Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. 3.- Certificación do rexistro de titularidade e situación de cargas e gravames. 4. Referencia catastral.. 5.- Plano topográfico, con especificación da localización, medicións características do mesmo, así como a súa cédula urbanística. 6. Características da infraestrutura existente <abastecemento de auga, subministro eléctrico, evacuación de excretas etc...>. 7. Informe da autoridade urbanística municipal sobre a idoneidade do terreo e resolución dos problemas de infraestrutura sanitaria <abastecementos de augas, subministro eléctrico, saneamento, etc...>. 8.-Compromiso de asumir los gastos derivados de facer chegar las infraestructuras existentes ó Centro de Saúde, tales como os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonís, abastecementos, saneamentos, subministro eléctrico, alumeados e telefonía (...)"

En data 9.06.05 o xefe da oficina de planeamento informa sobre a solicitude do Sergas o 9.07.06.

O 23.06.05 o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo formalizaron un convenio específico de cesión de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello derivada da execución do sector do plan parcial de Navia. Neste convenio preveíase una parcela destinada a equipamento social de 6700 metros cuadrados. Con posterioridade este acordo foi rectificado por outro de 27.03.06 no que se establecía unha mellor descripción da parcela de equipamento social. En concreto, a parcela destinada a equipamento social se describe do seguinte xeito: "(...) Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de catro mil douscentos metros cuadrados (4.200 m²). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espazo libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espazo libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Así mesmo, rectificar o contido do texto do convenio que se aprobou polo mesmo acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.05, no que respecto o punto 3 da parte expositiva, punto dous no seguinte sentido: Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de catro mil douscentos metros cuadrados (4.200 m²). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espazo libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espazo libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Cédense os 4.200 metros cuadrados da parcela (...)"

O 27.06.06 a Consellería de Sanidade presenta escrito no que se comunica o inicio do expediente contratación para a redacción do proxecto de construción do centro de saúde.

Por acordo plenario de data 26.06.06, ó abeiro do disposto no 47.4 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se determinou o uso da parcela que se pretende ceder como sanitario.

En data 26.07.06 a arquitecta municipal informa sobre a situación urbanística da parcela solicitada como segue: "(...) Dita parcela resulta da división da parcela orixinal S1 SOCIAL, e o uso ao que se pretende destinar é o de equipamento sanitario. Con data 26/06/2006, o Consello da Xerencia aprobou o cambio do uso dotacional (nºexpte10075/411) de parte da parcela S1 denominando a esa parte S1-2, con 4.200 m², e pasando a ter un uso sanitario. O P.P. de Navia (nºexpte7849/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 25 de abril de 2005. No Plan Parcial de Navia, plano nº0.1 ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS, reflíctense as diferentes parcelas con cadansúa ordenanza de aplicación, a parcela S1-2 sitúase dentro da S1 SOCIAL. Dito Plan Parcial na parcela S1, donde se sitúa a parcela S1-2, establece como de aplicación a "ORDENANZA S1", artigo 69, cos seguintes parámetros: 1.- La S.1, de 6.700 m², se destinará a usos religioso y asistencial. 2.- las condiciones de edificabilidad serán las siguientes:

- a) Edificabilidad: 1 m²/m².
- b) Ocupación máxima: 50 por 100.
- c) Altura máxima: 3 plantas (PB+II)."

No P.X.O.U. vixente aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 o uso de equipamento sanitario, ao que pretende adicarse a parcela S1-2, pode englobarse dentro do "uso sanitario" (non existe ordenanza propia para este tipo de equipamentos senón que aparece como uso permitido en distintas ordenanzas). Como condicións establécese a de vincular aparcamento en proporción de 1 praza/4 camas máis 1 praza/50 m² construídos non destinados a hospitalización. No P.X.O.M. aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, e aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006 o uso ao que se destinará a parcela S1-2 dentro do Uso Dotacional, clase Sanitario 12º "ESTABLECEMENTOS SEN INTERNAMENTO"; e polo tanto sería de aplicación a ordenanza 13 "ÁREAS E EDIFICACIONES DOTACIONAIS", coas condicións, entre outras: Fronte mínimo 10 m.; Separación a lindeiros: Un tercio da altura cun mínimo de 4 m. A edificación poderá adosarse a un lindeiro lateral dacordo co art.6.3.13.; Condicións particulares do Uso S.C.-Dotacional Sanitario: Edificabilidade (art.9.13.23 da normativa urbanística). Dotacional Público; Altura máxima: seis plantas; Ocupación de parcela: Setenta (80) por cento; Ocupación baixo rasante: Oitenta e cinco (90) por cento; Edificabilidade: 3,50 metros cuadrados de uso construído por cada metro cadrado de parcela (...).

Por acordo de 2.08.06 se acorda a apertura dun trámite de información pública do expediente. Durante o mencionado trámite non se presentaron alegacións á proposta.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza do ben obxecto da cesión por parte do Instituto Galego da Vivenda e do Solo por aprobación do convenio de 23.06.05 pola Xunta de goberno local.- Dentro da descripción da parcela de equipamento social (hoxe sanitario, tra-la aprobación da modificación de uso de equipamento dada por acordo plenario de 26.06.06), prevista na etapa II da modificación do plan parcial de Navia, preveíase un uso de equipamento específico. Pola súa natureza, os bens de equipamento son bens de dominio público afectos a un uso ou servizo local, tal e como establece o artigo 165 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.- Grado ou intensidade da ocupación solicitada e título para levar a cabo o seu exercicio.- Segundo o establecido nos artigos 75 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais, a ocupación dunha porción de dominio público de modo que excluya ou limita a utilización polos demais interesados, está suxeita a correspondente concesión administrativa. Nos mesmos termos se pronuncia os artigos 84 e seguintes da Lei 33/03, de 3 de novembro, polo que se aproba a Lei de do patrimonio das Administracións Públicas.

3.- Procedencia da adopción de acordo de cesión da titularidade do ben.- Un sector importante da Doctrina, apreciou que podería ser de aplicación en supostos similares a denominada mutación demanial subxectiva ou externa. Ó respecto, a vixente Lei 33/03 prevé supostos de mutacións demaniais nunha mesma Administración, pero non se aprecia o suposto de relacións interadministrativas. A carencia de regulación ó respecto, imposibilitaría a realización de tales negocios xurídicos. Os bens das Entidades Locais que teñen a condición de dominio público teñen certas características de inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade. O estar previsto que o destino destes bens sexa un servizo público doutra Administración, perden a condición de ben de dominio público da Entidade local, e ésta, unicamente se pode perder mediante a alteración tácita ou expresa da calificación xurídica do ben. Unha vez desafectado e cedido, podería a Administración titular do ben, afectar ó servizo ou uso público correspondente según a normativa propia. En palabras de Barcelona Llop (La utilización del dominio público por la Administración: Las reservas demaniales, páxs. 113 e seguintes), as mutacións demaniais non teñen no noso ordenamento efecto modificativo algún da titularidade so bre os bens ós que se refieren porque o seu alcance queda limitado a un cambio ou afectación sen alteración da titularidade demanial. É dicir, as mutacións demaniais operan sobre bens cuxa titularidade corresponde a unha mesma Administración pública, sen resolver cuestións atinentes a modificacións da titularidade do dominio público. En España, a regulación legal das mutacións demaniais impide concedelas outro alcance. Parada Vázquez (Derecho Administrativo -bienes públicos e urbanismo-. Marcial Pons. 1988) propoñía que se establecera unha previsión legal ó respecto de tal xeito que se permitise a realización de mutacións demaniais interadministrativas. Noutras Comunidades Autónomas existen previsións en tal sentido, como é o caso de Andalucía (Lei 9/99, de 29 de setembro, de Bens das Entidades Locais), Aragón (Lei 7/99, de 9 de abril de Administración local), Cataluña (Decreto 336/88, de 17 de outubro, reglamento de patrimonio das Entidades locais) ou A Rioxa (Lei 1/03, de 3 de marzo, de Administración local). Pese a esta previsión legal ou ausencia de normativa ó respecto, non se pode esquecer que a disposicións e usos dos bens adquiridos por motivos urbanísticos se regulan por unha normativa específica. En efecto, a vixente Lei 9/02, non prevé un suposto específico de cesión de terreos destinados a equipamentos públicos dunha Administración a outra. Unicamente, en sede da regulación do patrimonio municipal do solo, se prevé no artigo 177.4 o seguinte: "(...) Os municipios

poderán ceder gratuitamente os bens incluídos no patrimonio municipal do solo, nos supostos previstos na lexislación vixente e cumprindo os requisitos establecidos nela, observando a súa finalidade urbanística con destino á vivenda de promoción público ou para equipamentos comunitarios, debendo constar en documento público a cesión e o compromiso dos adquirentes (...)" . A redacción da Lei autonómica provén da lexislación sobre xestión do patrimonio municipal do solo do Texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana (artigos 276 e seguintes do real decreto lexislativo 1/92, de 26 de xuño) e o Texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (artigos 89 e seguintes o real decreto 1346/76, de 9 de abril). Neste último texto incluso formaba parte do patrimonio municipal do solo os terreos destinados a equipamentos comunitarios. Neste feito podemos encontrar a orixe e fundamento de ausencia de normativa que regule a cesións de titularidade de terreos de dominio público dunha Administración a outra. Por outra parte, con carácter supletorio, se podería acudir o disposto no artigo 2.2 do real decreto-lei 8/80, de 14 de marzo, sobre creación de solo e axilización da xestión urbanística. En concreto, no citado precepto se dispoñe o seguinte: "(...) As Administracións Públicas Urbanísticas poderán transmitirse entre sí, a título gratuito, terreos da súa propiedade para a construción de vivendas de protección oficial, creación de solo para su oferta con dita finalidade ou instalación de equipamentos comunitarios (...)". Unha interpretación teleolóxica e actual da normativa vixente (incluso con carácter supletorio), conleva a que se poida considerar como posible a cesión gratuita da titularidade de terreos destinados a equipamentos comunitarios para o exercicio de competencias que son propias da Administración cesionaria.

5.- Procedemento, condicións e forma do título polo que se cede a titularidade da parcela.- En ausencia de normativa que regule o procedemento polo que se ha de tramitar o presente expediente, en virtude das garantías que ofrece o previsto para os bens patrimoniais nos artigos 109 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, se podería utilizarse o mesmo con carácter meramente indicativo. Por todo elo, se propoñe que no expediente consten os seguintes documentos: acreditación da inscrición rexistral e do inventario municipal, informe da intervención na que se comunique que a Consellería de Sanidade non téñ debidas coa facenda municipal, dictamen no que se asevere que os bens non se encontren comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación etc... Sería aconsellable a apertura dun trámite de información pública por un prazo mínimo de quince días. O documento de cesión deberá ser formalizado en escritura pública tra-la oportuna sinatura do convenio administrativo que se achega como anexo dentro da presente proposta. As condicións que se fixan no convenio aludido, son as mínimas e necesarias previstas na regulamentación actualmente en vigor.

6.-Implicacións tributarias do acordo de cesión da titularidade proposto e necesidade da regularización da situación tributaria coa Administración municipal.- Tanto a Xurisprudencia como a Doctrina, considera na actualidade que o Concello actúa como un empresario máis para os efectos do IVA. A Dirección Xeral de Tributos, considera que as entregas de parcelas ou terreos por entes públicos se realizan no exercicio dunha actividade profesional ou empresarial (p. ex. Contestación á consulta de 18 de febreiro de 2001 -JUR 2001, 192238-), nos seguintes supostos: 1. Cando as parcelas ou terreos transmitidos estivesen afectos a unha actividade empresarial ou profesional desenvolvida por un ente público; 2.- Cando as parcelas ou os terreos transmitidos foran urbanizados polo Concello; 3. Cando a realización das propias transmisións de parcelas ou terreos efectuadas polo ente público determinasen, por ís mesmas, o desenvolvemento dunha actividade empresarial, al implicar a ordenación dun conxunto de bens personais e materiais para intervir na produción e distribución de bens e servizos, asumindo o risco e ventura que poidera producirse no desenvolvemento da actividade. Todo elo pese a que nun principio a propia Sexta Directiva comunitaria exclúe da consideración de suxeito pasivo do IVE ós entes públicos cando exerzan funcións públicas. Non obstante, o artigo 4.5 da aludida Sexta Directiva establece que necesariamente deberán considerarse como suxeito pasivo sempre e cando a actividade pública poidera producir distorsións na competencia. Neste caso non se dan as notas necesarias para apreciar que o Concello actúa como un empresario. O Concello adquiriu a parcela que se cede actualmente, tra-lo asinamento do oportuno convenio co Instituto Galego da Vivenda e do Solo o 23.06.05 en concepto de cesión de parcela de equipamento social, actualmente cun uso sanitario. En todo caso a mesma mantén a condición de ben de dominio público afecta ó servizo público que vai a prestar a Administración autonómica. A parcela por ser de natureza demanial non se integra no patrimonio municipal do solo, polo tanto, o Concello non actúa neste caso como un empresario máis intervindo no mercado inmobiliario. A parcela que se cede pese a ser susceptible de edificación (construción de centro de saúde), non ten atribuído aproveitamento lucrativo algún dado o seu carácter de cesión obrigatoria e de ben de dominio público. Polo tanto, enténdese que estamos ante un suposto de non sujeción da Lei 37/92, en concreto, o previsto no artigo 7.8º. Tal postura é respaldada pola Resolución 2/2000, de 22 de decembro, concluíndo que non se trata de entrega de bens nen de prestación de servizos: "(...) la doctrina mayoritaria más reciente en materia de derecho urbanístico mantiene, que con ocasión del desarrollo del proceso urbanizador, no se produce, en sentido estricto, una cesión de aprovechamientos urbanísticos a la Administración, sino un reparto de los citados aprovechamientos entre los

titulares de los terrenos sobre los que se desarrolla el citado proceso y aquélla (...)" En conclusión, o negocio xurídico dimanante do presente acordo, deberá ter transcendencia para os efectos do imposto de transmisións patrimoniais regulado polo real decreto legislativo 1/93.

7.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.-De acordo co establecido no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Xunta de Goberno Local. Con carácter previo, deberá recabarse informe de fiscalización. De acordo co previsto na base 40ª das de execución do orzamento, para a aprobación do convenio precisa da emisión de previo informe xurídico.

Polo tanto, á vista do contido do presente informe, con carácter previo á adopción do acordo:

- 1.- Acordar a cesión da titularidade da parcela de equipamento educativa sita na etapa II do Plan Parcial de San Paio de Navia cunha superficie de 4.200 m2 á Consellería de Sanidade, para destinala para a construción dun centro de saúde.
- 2.- Aprobar o texto do convenio polo que se instrumentará a cesión da parcela de equipamento.
- 3.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.
- 4.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Acordar a cesión da titularidade da parcela de equipamento educativa sita na etapa II do Plan Parcial de San Paio de Navia cunha superficie de 4.200 m2 á Consellería de Sanidade, para destinala para a construción dun centro de saúde.

2º.- Aprobar o texto do convenio polo que se instrumentará a cesión da parcela de equipamento, que de seguido se transcribe.

3º.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.

4º.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

CONVENIO ESPECÍFICO POLO QUE CEDE A TITULARIDADE DA PARCELA DESTINADA A EQUIPAMENTO SANITARIO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A UBICACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE.

En Vigo, ade 2006

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

Doutra parte, Don.....comoda Consellería de Sanidade.

EXPOÑEN

1. *Que o Concello de Vigo e o Instuto Galego da Vivenda e do Solo formalizaron un convenio específico de cesión de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello derivada da execución do sector do plan parcial de Navia. Neste convenio preveíase una parcela destinada a equipamento social de 6700 metros cuadrados.*
2. *Con posterioridade este acordo foi rectificado por outro de 27.03.06 no que se estabrecía unha mellor descripción da parcela de equipamento social. En concreto, a parcela detinada a equipamento social (hoxe sendo o uso previsto o sanitario) se describe do seguinte xeito: "(...) Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de cuatro mil doscentos metros cuadrados (4.200 m2). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espacio libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espacio libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Así mesmo, rectificar o contido do texto do convenio que se aprobou polo mesmo acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.05, no que respecto o punto 3 da parte expositiva, punto dous no seguinte sentido: Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de cuatro mil doscentos metros cuadrados (4.200 m2). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espacio libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espacio libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Cédense os 4.200 metros cuadrados da parcela (...)". A parcela obxecto do presente convenio está depurada física e xurídicamente. Consta no Rexistro da propiedade número tres de Vigo, no libro 1297, folio 66, finca 71.227, inscrición primeira.*
3. *A Consellería de Sanidade mostrou o seu interese por ubicar un centro de saúde na parcela descrita no expoñendo anterior.*
4. *Na tramitación do expediente seguíronse os trámites previstos no artigo 109 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.*
5. *Tanto a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (artigo 25.2.h) coma o a Lei 14/86, de 25 de abril, Xeral de Sanidade (artigo 42) establecen certas atribucións básicas ás entidades locais dentro da prestación do servizo público de saúde. A colaboración e cooperación interadministrativa son principios básicos de actuación administrativa segundo o disposto no artigo 4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*
6. *Como queira que por acordo da Xunta de goberno local de.....acordou a cesión da titularidade da parcela destinada a equipamento social á Consellería de Sanidade,*

Asínase o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio a cesión da titularidade da parcela destinada a equipamento sanitario na segunda etapa do plan parcial de Navia para a ubicación dun centro de saúde. A descripción da mesma e os usos previstos están contidos no expoñendo do presente convenio.

SEGUNDA.- A Consellería de Sanidade comprométese á construción dun centro de saúde no prazo máximo de dous anos e a destinar a parcela para tal fin, quedando sen efecto a cesión naquel caso que se pretenda a desafectación, alteración ou adscripción a outro uso ou servizo distinto ó previsto no presente convenio. Pola reversión da parcela o cesionario non percibirá ningún tipo de contraprestación ou indemnización polo que tivera construído na parcela. Bastará un acta notarial de constancia dos feitos aludidos con anterioridade para que poida ser modificada a inscrición rexistral da parcela a nome do Concello.

TERCEIRA.- A Administración autonómica deberá asumir o coste de mantemento e conservación da parcela que se cede, así como os gastos de funcionamento do centro de saúde en sí.

CUARTA.-O Concello se compromete á prestación dos servizos de abastecemento e evacuación de augas, limpeza viaria e recollida de lixo. Así mesmo, no momento da recepción das obras urbanización se dará oportunidade para que o centro de saúde poda recibir axeitadamente os servizos de subministro de enerxía eléctrica e telecomunicacións.

QUINTO.- A Administración autonómica promoverá a inscrición rexistral dos efectos do presente convenio, asumindo os gastos de formalización en escritura pública e demais que sexan necesarios para a práctica da mesma.

29(1382).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ S.L. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON ANDAMIO NA RÚA MONTERO RÍOS. EXPTE. 50326/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.09.06, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

Con data 09 de agosto de 2006, a CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. concedéuselle a ocupación da vía pública cun andamio de 3 x 1 metros na r/ Montero Ríos, 12. Con número de expediente – 49992/250, nunha Resolución complementaria, indicóuselle que tiña que depositar unha fianza de 500 €, polos danos que se poideran producir e que foi depositada con data 25-08-2006 e número de operación – 200600040299. Motivado a licenza de obras menores con número de expediente – 57026/421.

Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas as obras, con número de documento 60097881 con data de entrada no rexistro xeral de 20-09-2006. Remítese a inspección.

Na inspección feita con data 25 de setembro de 2006, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (500 € - cincocentos euros), a favor de CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (500 € - cincocentos euros), a favor de CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L.

30(1383).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ABASTECIMIENTO DE CABRAL E CANDEÁN, FASE 1”. EXPTE. 50269/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 25.09.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Abastecemento de Cabral e Candeán . Fase 1: Depósito do monte Vixiador ”, redactado por (Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.) e asinado polo enxeñeiro de Camiños D. Patricio Aguiar Cabanillas .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Abastecemento de Cabral e Candeán . Fase 1: Depósito do monte Vixiador ” .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto de “ Abastecemento de Cabral e Candeán . Fase 1: Depósito do monte Vixiador ” por 514.998,80 € e con cargo á partida 441.0.611.00.04 do presuposto 2006 , segundo modificación orzamentaria aprobada 51/06

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

31(1384).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA DO FREIXO, SÁRDOMA”. EXPTE. 50173/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 22.09.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiros Don Santiago N. López Fontán e Don Jerónimo Centrón Castaños, para a obra : “ Mellora da Estrada do Freixo - SÁRDOMA ”.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, da obra referida .

3º.- Autorizar o gasto de 231.154,764 € con cargo á partida 511.0.611.00.40. Imputando ó exercicio 2006 o importe de 115.000,00 € e a exercicios futuros o importe de 116.154,76 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

32(1385).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTEIROS”. EXPTE. 50320/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 26.09.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acoda:

1º.- Aprobar o proxecto de “Construcción de Beirarrúas na rúa Canteiros-Matamá”, redactado polo técnico municipal da Área de Servios Xerais D. Jorge Muñoz Rama e cun presuposto total de 40.345,00 euros.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto de “construcción de beirarrúas na rúa Canteiros–Matamá” .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto de “Reparación do Paseo de Bouzas” por 40.345,00 € e con cargo á partida 511.0.611.00.31 do presuposto 2006 , segundo modificación orzamentaria aprobada 51/06

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, iniciando o procedemento para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33(1386).- AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE OFERTAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE SEIS APARCADOIROS SOTERRADOS. EXPTE. 72609/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 6.10.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

- *Con motivo do concurso convocado para a construción de seis aparcadoiros soterrados, os diferentes licitadores interesados dirixíronse ao Concello coa intención de solicitar permiso para realizar sondeos exploratorios do subsuelo.*
- *Dado o número de aparcadoiros e empresas interesadas, parece máis aconsellable que sexa o propio Concello quen efectúe estes sondeos e facilite a información a quen o requira e evitar que cada unha das empresas realice as súas perforacións, motivo polo cal se procede a realizar un contrato cunha empresa especializada para a realización destes traballos.*
- *Como queira que o resultado de ditos sondeos é imprescindible para a elaboración e presentación de ofertas por parte dos licitadores e o informe non será presentado ata dentro de 15 días, contados dende a data de hoxe, na reunión mantida en data 5 de outubro de 2006 entre os técnicos municipais e o Secretario Xeral considerouse conveniente a ampliación do prazo concedido para a presentación de ofertas fixado para o 28 de outubro de 2006, polo menos polo prazo necesario para a realización dos citados sondeos.*

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA

- *Ampliar o prazo fixado para a presentación de ofertas para a construción de seis aparcadoiros soterrados fixado para o 28 de outubro de 2006, fixando como data límite para a presentación de ofertas o día 15 de novembro de 2006.*
- *O presente Acordo será publicado no BOP, DOGA e BOE.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1387).- SOLICITUDE DA SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “XXII MARATÓN DA AMIZADE”. EXPTE. 6417/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do IMD, do 6.10.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa HELIOS de Bembrive a desenvolver o vindeiro día 12 de outubro de 2006, a proba deportiva denominada " XXII Maratón da Amizade" por diferentes rúas da parroquia, a partir das 10.30 horas.

35(1388).- AVALIACIÓN IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO MUELLE DE TRASATLANTICOS E DA DÁRSENA DEPORTIVA EXISTENTE. EXPTE. 4553/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidad e Consumo, do 6.10.06, que di o seguinte:

“En fecha 05.09.2006 tuvo entrada en el Registro General de esta Corporación (nº docum. 60093300) un escrito del Ministerio de Medio Ambiente con el que se envía la memoria-resumen del Proyecto de la Autoridad Portuaria de Vigo de ampliación del muelle de trasatlánticos y de la dársena deportiva existente en sus inmediaciones, solicitando los comentarios y sugerencias de esta Admón. referidas a aspectos ambientales, con respecto a los contendios específicos que debiera considerar el titular del proyecto en el Estudio de Impacto Ambiental (EIA), así como otras posibles alternativas de actuación.

II. INFORME

II.1. Por solicitud del concejal-delegado de Medio Ambiente, el 21.09.2006 la jefa de la unidad técnica de Medio Ambiente, Sra. Santiso Gil, emite el siguiente informe:

“Recibido en fecha 11 de septiembre el proyecto de referencia para informe, se considera lo siguiente: En este momento la Autoridad Portuaria de Vigo, está tramitando el “Plan de Utilización de Espacios Portuarios de la Zona de Servicio del Puerto de Vigo”, que fue remitido a este Ayuntamiento, en fecha 1 de septiembre de este mismo año.

Dado que el referido Plan establece el marco para la futura autorización de este proyecto, y ambos se encuentran simultáneamente en tramitación; y dado que la evaluación ambiental de planes - de acuerdo con la Ley 9/2006 de evaluación de los efectos de determinados planes y programas, en el medio ambiente- intenta que las repercusiones previsibles sobre el medio ambiente, sean tenidas en cuenta durante la tramitación de los planes, de forma que los aspectos ambientales se integren en las tomas de decisión de las fases anteriores a la del proyecto; se considera oportuno que el procedimiento de evaluación ambiental del presente proyecto se realice con posterioridad a la aprobación del Plan de Utilización de Espacios Portuarios”.

II.2. Además de lo ya indicado en ese informe, se considera oportuno realizar los siguientes comentarios y sugerencias:

- a) *El principio de prevención en cualquier actuación que afecte a la ría o a su litoral debe prevalecer, siendo necesario el sometimiento del proyecto al procedimiento de Evaluación de Impacto Ambiental (EIA), que deberá incorporar toda la información obtenida en el punto en el que se pretende ejecutar la obra.*
- b) *Así, el Plan Especial de Ordenación del Puerto de Vigo, formulado por la Autoridad Portuaria de Vigo al amparo del artículo 18 de la Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante, que fue aprobado definitivamente por esta Corporación municipal en sesión plenaria de 16.04.1998 (BOP nº 103, del 2 de junio de 1998) establece, dentro del artículo 13 de sus Normas de Ordenación, relativo al control ambiental de las actividades portuarias que:*
- *"Las actuaciones futuras que impliquen ocupación de superficie de agua, deberán estar plenamente justificadas e irán precedidas de la realización de un estudio de impacto medioambiental, de acuerdo con lo establecido por la legislación vigente" (apdo. 5 pfo. 2º).*
 - *"Será exigible, en su caso, la evaluación y declaración de impacto ambiental y el establecimiento de medidas correctoras para la tramitación de autorizaciones, concesiones u obras que puedan tener repercusiones negativas sobre la protección del medio ambiente y los recursos naturales, conforme a la L.P.E.M.M., legislación estatal y autonómica aplicable, y directivas de la Unión Europea" (apdo. 4).*
- c) *Teniendo en cuenta lo dispuesto en la Ley 6/2001, de 8 de mayo, de modificación del RDL 1302/1986, de 28 de junio, de evaluación de impacto ambiental, se considera obligado someter el proyecto de ampliación del muelle de trasatlánticos y de la dársena deportiva existente en sus inmediaciones al procedimiento de EIA con el fin de asegurar su viabilidad ambiental.*
- d) *Tal como manifiesta la jefa de la unidad técnica en el informe transcrito, a la vista de la actual tramitación del Plan de Utilización de los Espacios Portuarios de la Autoridad portuaria de Vigo (PUEP), sujeto a la Ley 9/2006 de evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente (ya informado por el Pleno de esta Corporación), parece oportuno que el procedimiento de EIA de este proyecto sea posterior a la aprobación de dicho Plan; Plan que deberá incluir los usos previstos para cada una de las diferentes zonas del puerto, así como la justificación de la necesidad o conveniencia de tales usos.*
- e) *Al márgen de lo anterior, debe recordarse que la Ley 48/2003, de 26 de noviembre, de Régimen económico y de prestación de servicios de los puertos de interés general (BOE nº 284, 27.11.2003) prescribe que la construcción de un nuevo puerto de titularidad estatal, la ampliación o realización de nuevas obras de infraestructuras de uno existente, que alteren significativamente su configuración requerirá la previa aprobación de un Plan Director de Infraestructuras del Puerto (Art. 38).*

No cabe duda de que la obra propuesta estaría englobada en dicho supuesto y, por tanto, consideramos que se debería formular el Plan Director de Infraestructuras del Puerto de Vigo antes de la ejecución de este proyecto.

- f) *Sería recomendable, además, aprovechar los instrumentos de planificación que habilita la Ley 48/2003 con la elaboración del Plan Estratégico al que se refiere su artículo 37, que debería incluir, al menos, un análisis y diagnóstico de la situación actual, la definición de las líneas y objetivos estratégicos, los criterios de actuación y el plan de acción.*

Es indudable que un buen plan estratégico podría evitar las continuas modificaciones en los proyectos que tanto confunden a los técnicos y también a los ciudadanos.

III. PROPUESTA

Por lo que antecede, se propone a la Junta de Gobierno Local la adopción del siguiente, «ACUERDO

PRIMERO: *Prestar conformidad a los informes del técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidad y Consumo y al de la jefa de la unidad técnica de Medio Ambiente, transcritos en la parte expositiva de este acuerdo, en relación con la documentación remitida por el Ministerio de Medio Ambiente sobre el Proyecto de ampliación del muelle de trasatlánticos y de la dársena deportiva existente en sus inmediaciones, promovido por la Autoridad Portuaria de Vigo, en el que se justifica la necesidad de que se someta dicho Proyecto al procedimiento de Evaluación*

de Impacto Ambiental con posterioridad a la aprobación del Plan de Utilización de los Espacios Portuarios, actualmente en trámite.

SEGUNDO: *Remitir urgentemente certificación oficial de este acuerdo al Ministerio de Medio Ambiente a los efectos de lo prevenido en el artículo 13 del Decreto 1131/1988, de 30 de septiembre».*

No obstante, la Junta de Gobierno local resolverá, con su superior criterio, lo que estime procedente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1389).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.